

O libro sen título de Celso F. Sanmartín

Xabier Cordal Fustes

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL FUSTES, XABIER (2011 [1996]). “O libro sen título de Celso F. Sanmartín”. *A Trabe de Ouro*: 25, 125-126. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1132>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL FUSTES, XABIER (1996). “O libro sen título de Celso F. Sanmartín”. *A Trabe de Ouro*: 25, 125-126.

* Edición dispoñíbel desde o 12 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O LIBRO SEN TÍTULO DE CELSO F. SANMARTÍN

Xabier Cordal Fustes

A obra de hoxe é asunto urxente. É de lentura, luminosa e inxel: un gran libro de poemas. Morreu o grupo Nós e con el a paisaxe no sentido burgués do termo. Non hai campo nin cidade, e polo mesmo tampouco depósitos de esencias; a mística europea moderna culmina no turismo rural. Un espacio enteiro, así, pode xa expresarse sen intermediarios, deixa de ser árbore, horizonte. Esa *Galicia profunda* (invento de mal gusto que parece un pacto entre Chomsky e a Consellería de turismo) xa falara algunha vez. Sen embargo Celso Fernández Sanmartín, para esta ollada nosa, carece de precursores: na sensualidade que inaugura hai globos, pinzas da roupa, latas de mexilóns, países de grilos.

Buscando a palabra «naïf» no diccionario –non vaia ser que lla encasqueten– tampouco sae o libro de Celso. Que ninguén pense que é afeizón particular a reseña de poemarios sen biografía, neste caso, ademais, sen título. O autor consegue que esas licencias [126] parezan a única solución posíbel, porque, lonxe de ocultar e duplicar en códigos o que sabe acerca do mundo, dedícase a escribilo. Non traduce.

Acabo de abrir outra vez o libro, para facer iso que se fai neste tipo de noticias: glosar un verso, admirarse dunha idea feliz. Eu, por min, volvería a escribilo todo. Pola parte de atrás hai unha galla de silveira, que é unha familia de rosa que dá amoras e pinchos tamén.

A galla aparece de novo onde empezan os poemas. Fala o manuscrito, en letra de neno:

somente soño
qe me veñas buscar á casa
cun globo na man
e qe me digas: -toma
este globiño é para ti
qérote moito

(domingo
das festas)

Afirmábao Óscar Wilde: o encanto é un don sen o que todos os demais resultan inútiles. O libro sen título de Celso F. Sanmartín firmaría o propio encanto se os encantos existisen, e daquela abandonaban a súa arca moura para ver o día e declararse a alguén.

Celso esquece o pecado orixinal, a melancolía que a nosa opresión ten usado para vestir os obxectos, e non lle queda senón reconciliarse con todo, que é o xeito máis duro de reconstruír a inocencia.

por entre a auga das fontes e os cardos con flores
nace o río por entre os toxos do monte

caniveliñas dos xuncos
fan as fontes no chau (...)

e sabiamos dos ríos
pero non sabiamos nada deste río

Se cadra forma parte da primeira xeración que non concibe un estigma nacer neste país; será capaz, logo, de falar con toda a normalidade que permite un feroz traballo lírico como o del, sen remisión a voces estranxeiras (tomando como estranxeiro aquilo que non pertence ao corpo, á súa linguaxe). O seu homónimo, Celso Emilio, escolleu retorcer o pescozo do cisne. Celso Fernández Sanmartín colle e fai a eses parruliños estirados ir caendo, un a un, en saudoso ridículo, no fin do papel albal onde van parar de puro despiste os solpores de provincias. Que pena que Álvaro Cunqueiro non viva para ler estes versos, sen dúbida os que el mesmo escribiría, ou Pimentel, se o sangue, a barbarie e os varios re-fuxios marabillosos onde a cultura nos consola non lles tivesen aburado o ánimo. Cando nenos, que é o estado natural da intelixencia.

o meu amigo garda flores no armario
cólgaas das perchas cun cordel
préndeas pola base do talo cun cordeliño das infusiós de
[menta e
de tila e quedan boca abaixo
semellan un xardín do revés
un lugar coas vacas escondidas